



CONCELLO DE VILA DE CRUCES  
Plaza Juan Carlos I, s/n,  
36590 Vila de Cruces, Pontevedra

*Ref.: scl*

Expediente: Parque eólico Cunca.

Asunto: **Resolución da Xefatura Territorial da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, pola que se somete a información pública o estudo de impacto ambiental e as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción e aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, do proxecto do parque eólico “Cunca”, emprazado no concello de Vila de Cruces da provincia de Pontevedra (IN408A 2019/02).**

Pola presente achégolles a resolución citada no asunto, xunto coa a documentación técnica asociada (proxecto de execución, estudo de impacto ambiental e proxecto sectorial) para os seguintes efectos:

- Que durante o período de información pública (30 días hábiles), manteñan exposta no seu taboleiro de anuncios a mencionada resolución e que a documentación técnica poida ser consultada nese concello polas persoas interesadas. O prazo de 30 días comezará a contar desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que se fará nas próximas datas. Unha vez rematado, deberán devolver a esta xefatura territorial unha dilixencia acreditativa da súa exposición, acompañando, de ser o caso, os escritos de alegacións presentados.
- Dar audiencia a ese concello en relación co proxecto sectorial de incidencia supramunicipal. A este respecto, a certificación acreditativa da exposición ao público conterá unha expresa referencia á realización do tramite de audiencia previsto no artigo 33.12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada por la Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia.
- Solicitar informe a ese concello en relación co estudo de impacto ambiental. A este respecto, o concello deberá remitir a esta xefatura territorial no prazo de 30 días o seu informe, de acordo co disposto no artigo 38 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia.

A documentación pode ser descargada nas seguintes ligazóns:

Resolución de información pública:

<http://descargas.xunta.es/5a711579-30b0-41ef-9f8a-875bed7c99ec1616660917552>

Proxecto de execución:

<http://descargas.xunta.es/189c0f24-ee3f-429f-a571-8891238c99c01616414506210>

Estudio de Impacto Ambiental:

<http://descargas.xunta.es/324b27a6-08f0-48c6-a689-2c45416834241616414493143>

Proxecto sectorial de incidencia supramunicipal:

<http://descargas.xunta.es/03e84e1f-a547-4afe-98f8-0dd1b245324d1616414427776>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN  
Xefatura Territorial de Pontevedra

Avda. María Victoria Moreno, 43  
36071 Pontevedra

galicia

Así mesmo, achégolles a separata técnica do proxecto de execución, coa solución adoptada en relación coas afeccións a bens e dereitos a cargo dese organismo. A este respecto, e de conformidade co disposto no artigo 33.14 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico de Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, modificada por la Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, de non recibirse o seu informe no prazo dun mes a contar dende a recepción da presente solicitude, entenderase a conformidade co proxecto, e continuarase coa tramitación do procedemento.

A separata técnica do proxecto pode ser descargada na seguinte ligazón:

<http://descargas.xunta.es/8698b798-ddb9-47da-8e2a-202ec4c0c5161616414421057>

Pontevedra, na data indicada á marxe

O xefe territorial

P.A. (Decreto 230/2020 do 23 de decembro, DOG nº 5, art. 36.3 e 37.1)

O xefe do Servizo de Administración Industrial

Eugenio Fernández Piñeiro

